

RESOLUCIÓN do 18 de decembro de 2019 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo) da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2020 e 2021, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. AGADER, DOG N° 247, (30/12/2019)

OBXECTO

1. Esta resolución ten como obxecto convocar, mediante tramitación anticipada de gasto, en relación coa medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), con cargo ás anualidades 2020 e 2021, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións que corresponden coa submedida 19.2 do PDR (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local).
2. Esta convocatoria está sometida ás bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que aprobou o Consello de Dirección da Agader, mediante o Acordo do 13 de decembro de 2019, e se publican mediante a Resolución do director xeral da Agader do 13 de decembro de 2019 (DOG núm. 246, do 27 de decembro).

SOLICITUDES DE AXUDA

1. As solicitudes de axuda dirixíranse, tendo en conta a localización do investimento, ao GDR que corresponda e presentáranse no formulario e coa documentación previstos no artigo 9 das bases reguladoras a que está sometida esta convocatoria.
2. Segundo o establecido no artigo 8 das bases reguladoras, o prazo de presentación de solicitudes estará aberto durante todo o período de execución da medida Leader, coa data límite que determine cada GDR en función da dispoñibilidade de fondos.
3. Segundo o establecido no artigo 16 das bases reguladoras, **concorrerán as solicitudes presentadas ata o 31 de xaneiro de 2020.**

INFORMACIÓN

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web da Agader <http://agader.xunta.gal>
- b) Na Guía de procedementos e servizos, no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>
- c) No teléfono 981 54 73 62 (Agader).
- d) De xeito presencial, en Agader (lugar da Barcia, 56. Laraño. 15897 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981 54 73 62.
- e) Páxina web e sede dos GDR de Galicia. A relación dos GDR está publicada na antedita páxina web da Agader.